


# FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

## MIRADAS. RETRATOS DO PENSAMENTO Artista en residencia. VII Edición

Pedro Bouza   Andrés Urbieta   Ana Domínguez   Manuel Balsa  
Pablo Biyurami   Lidia Amado   Andrea Botella

25 outubro, 23 - 14 xaneiro, 24



A exposición *Miradas. Retratos do pensamento*, é un proxecto multidisciplinar conformado polas obras dos xoves artistas, Lidia Amado, Manuel Balsas, Pablo Biyurami, Andrea Botella, Pedro Bouza, Ana Domínguez e Andrés Urbieta.

Este proxecto forma parte de "Artista en Residencia" (na súa VII Edición) sendo o resultado da estancia dos artistas nas dependencias da Fundación Eugenio Granell para desenvolver as súas diferentes propostas.

A mostra, de corte intimista, propón unha interiorización da mirada tanto do artista como do público. Unha porta de entrada á esencia mesma do suxeito. Unha crítica indirecta á frívola sociedade robotizada que planea a usurpación da identidade e a sensibilidade, tanto colectiva como individual. Cuestionáanse polo tanto os modos de ver e de sentir preestablecidos, presentándose así ante o espectador unha realidade constituída por cada unha das subxectivas, diversas e diferentes miradas dos artistas participantes.

La exposición *Miradas. Retratos del pensamiento* es un proyecto multidisciplinar formado por las obras de los jóvenes artistas, Lidia Amado, Manuel Balsas, Pablo Biyurami, Andrea Botella, Pedro Bouza, Ana Domínguez y Andrés Urbieta.

Este proyecto forma parte de "Artista en Residencia" (en su VII Edición) siendo el resultado de la estancia en las dependencias de la Fundación Eugenio Granell para desarrollar sus diferentes propuestas.

La muestra, de corte intimista, propone una interiorización de la mirada tanto del artista como del público. Una puerta de entrada a la esencia misma del sujeto. Una crítica indirecta a la frívola sociedad robotizada que planea la usurpación de la identidad y la sensibilidad, tanto colectiva como individual. Cuestionarse por lo tanto los modos de ver y de sentir preestablecidos, presentándose así ante el espectador una realidad constituida por cada una de las subjetivas, diversas y diferentes miradas de los artistas participantes.



Fundación EUGENIO GRANELL



CONCELLO DE  
SANTIAGO



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



Deputación  
DA CORUÑA



VIAQUA



VAL DO FRAIDE  
AMIGUINA

**Lidia Amado** introduce, a través da pintura e a fotografía, o concepto de monstruosidade mediante a representación dos corpos e as súas deformacións, situados en enigmáticos espazos, para expoñer unha realidade e identidade en dúbida que sofre unha constante metamorfose. O traballo de **Manuel Balsas** xira arredor da pintura, a escultura e a instalación, explorando as posibilidades da obra a través de diversos obxectos e a súa relación co espazo e o espectador. Por outra banda, **Pablo Biyurami** pretende difuminar, a través da danza, os límites entre as paisaxes que nos rodean, o corpo humano e os planetas. No universo creado, dous seres ecuatidimensionais habitan un cráter e relaciónanse mediante o movemento. **Andrea Botella** desenvolve un proxecto experimental multidisciplinar (que aborda dende a poesía ata a escultura e a pintura) no que os temas centrais son: a busca e a reivindicación da beleza, a crítica social a través do absurdo e a exploración emocional a través da introspección; tratando temas como a enfermidade mental, a vida cotiá, a natureza e o amor. **Pedro Bouza** presenta ilustracións a modo de tríptico que, inspiradas no famoso cadro de Descartes sostendo un libro no que se pode ler *mundus est fabula*, pretende poñer de manifesto o carácter teatral, ficcional e conceptual do mundo humano que habitamos. Por outra parte, **Ana Domínguez** presenta un políptico pintado ao óleo sobre o que comenta 'as miñas obras pretenden enmarcar a perda da identidade en rostros de xoves', aos que define como noveis no ámbito laboral e obxectivos principais da *tristeza imposta* a súa entrada na vida adulta. "O seu debut non so reprime a súa individualidade senón que mitiga a súa infantil e inadecuada ilusión ante esta nova etapa coa intención de convertelos nun máis". Por último, **Andrés Urbietta** centra a súa mirada na cidade e na maneira de interpretala para invitar a reflexionar sobre a relación entre o real e o representado. A súa obra xoga coa identidade dos obxectos atopados que interpreta como símbolos que aluden a unha realidade. A súa vez, transfórmaos mediante pintura ou colaxe.

Lidia Amado

**Lidia Amado** introduce, a través de la pintura y la fotografía, el concepto de monstruosidad mediante la representación de los cuerpos y sus deformaciones, situados en enigmáticos espacios, para exponer una realidad e identidad en duda que sufre una constante metamorfosis. El trabajo de **Manuel Balsas** gira alrededor de la pintura, la escultura y la instalación, explorando las posibilidades de la obra a través de diversos objetos y su relación con el espacio y el espectador. Por otra banda, **Pablo Biyurami** pretende difuminar, a través de la danza, los límites entre los paisajes que nos rodean, el cuerpo humano y los planetas. En el universo creado, dos seres ecuatidimensionales habitan un cráter y se relacionan mediante el movimiento. **Andrea Botella** desarrolla un proyecto experimental multidisciplinar (que aborda desde la poesía hasta la escultura y la pintura) en el que los temas centrales son: la búsqueda y la reivindicación de la belleza, la crítica social a través de lo absurdo y la exploración emocional a través de la introspección; tratando temas como la enfermedad mental, la vida cotidiana, la naturaleza y el amor. **Pedro Bouza** presenta ilustraciones a modo de tríptico que, inspiradas en el famoso cuadro de Descartes sosteniendo un libro en el que se puede leer *mundus est fabula*, pretende poner de manifiesto el carácter teatral, ficcional y conceptual del mundo humano que habitamos. Por otra parte, **Ana Domínguez** presenta un políptico pintado al óleo sobre el que comenta "mis obras pretenden enmarcar la pérdida de la identidad en rostros de jóvenes", a los que define como noveles en el ámbito laboral y objetivos principales de la *tristeza impuesta* a su entrada en la vida adulta. "Su debut no sólo reprime su individualidad sino que mitiga su infantil e inadecuada ilusión ante esta nueva etapa con la intención de convertirlos en uno más". Por último, **Andrés Urbietta** centra su mirada en la ciudad y en la manera de interpretarla para invitar a reflexionar sobre la relación entre lo real y lo representado. Su obra juega con la identidad de los objetos encontrados que interpreta como símbolos que aluden a una realidad. A su vez, los transforma mediante la pintura o el collage.

Lidia Amado

---

INSTAGRAM DOS ARTISTAS / INSTAGRAM DE LOS ARTISTAS

andrea\_botella      \_lidiaamado      pablo.biyurami      laanadomi  
andresurbietta\_      bouzxa      balsasmanuel\_

---